



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 4 | Edición nº 48 | Decembro de 2021 | PRECIO 2 EUROS

Salvaterra recolle o
recoñecemento de
calidade turística 2020

Páxina 3

A ponteareá Melania
Rodríguez, bronce no
Campionato do Mundo
de trampolín

Páxina 6

Inaugurado en
Ponteareas o Museo
a Ceo Aberto do
Corpus Christi

Páxina 7

Rehabilitación da Casa
Consistorial e a Escola
de Música de Mondariz

Páxina 12

Programa de Nadal
de Covelo

Páxina 13

A oposición de Vigo fai
balance da xestión de
Abel Caballero

Páxina 15



Marta Valcárcel
Alcaldesa de Salvaterra de Miño

"É moi importante
que ofrezamos un
turismo de calidade
aos nosos visitantes"

páxinas 2 e 3

Portugal - Alto Minho

Entrevista



Manoel Batista | Presidente da Câmara de
Melgaço e da Comunidade do Alto Minho

"Relações transfronteiriças
nunca foram tão boas"

Páxinas 18 e 19

Casa do Outeiro vai dar
lugar a pousada rural
de alto padrão

Páxina 16

"Viana, Mar de Cultura" -
formalizada a candidatura a Capital
Europeia Da Cultura Em 2027

Páxina 17

Arcos de Valdevez:
Bienal de Arte D'art
Vez está aberta

Páxina 20



basta
50%
Descuento
Nueva Zona
de Descanso

BOINSCON

LAS MEJORES MARCAS EN DESCANSO

pikolin BULTEX

Concha de Brey, 4, Ponteareas
986 64 01 15

609 85 14 52



CONDADO/PARADANTA

Salvaterra de Miño

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Marta Valcárcel | Alcaldesa de Salvaterra de Miño

"É moi importante que ofrecamos un turismo de calidad aos nosos visitantes"

O Concello recibiu recentemente a marca Q de Calidade Turística. Tamén está o proxecto ecoturístico "Visit Rio Minho". Significa isto que Salvaterra está potenciándose como destino turístico do Sur de Galicia?

Creo que Salvaterra de Miño leva anos sendo un dos referentes turísticos de Galicia, son centos de persoas as que se desprazan ao noso Concello para disfrutar dos seus grandes atractivos, chámense Parque Público A Canudada, sendas fluviais, Recinto Amurallado, Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea, Portal da Inquisición, Monte Castelo.... e iso ten que facer que sigamos traballando para mellorar a nosa oferta turística. Nese senso é moi im-

portante que ofrecamos un turismo de calidad aos nosos visitantes, por ese motivo é tan importante recibir o recoñecemento da marca Q de Calidade Turística ao Entorno da Fortaleza de Salvaterra de Miño pola súa apostia a prol da calidade turística, no cumprimento dos requisitos das normas que o Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE) establece acadando a marca Q de Calidade Turística.

A marca "Q" de Calidade Turística é un certificado de calidade dirixido ao sector turístico. As empresas ou organismos que obteñen esta Q cumplen unha serie de requisitos específicos en canto a calidade dos seus servicios que as diferencian dos seus competidores e son unha garantía de calidade, un premio ao traballo realizado.

Como son as relacións entre o Concello, as adegas e a hostelería da Vila?

A verdade é que sempre tivemos unha relación moi fluída, e entendo que é como debe ser, xa que debemos ir todos da man.

Un dos traballos que ten que facer o Concello é promocionar turisticamente o noso municipio, atraer a visitantes, algo que leva facendo moitos anos e que dará un xiro de 360º en canto se volva a abrir o Espazo Lúdico Termal de Teans.

Hoxe en día o enoturismo xoga un papel moi importante na nosa Comarca e en toda Galicia, as adegas polo tanto son un sector estratégico tamén para o Concello, e mostra diso é o gran esforzo que facemos para promocionar



un produto tan noso como é o noso viño, non só coa festa do espumoso, senón tamén coa do Viño do Condado do Tea.

A nosa hostalería é a encargada de recibir aos nosos turistas e deixarlle tamén esa marca que fagan que queiran volver, e téñeno moi fácil, xa que a nivel gastronómico temos os mellores produtos, polo cal é moi necesario traballar, incentivar, buscar sempre

a maneira de seguir crecendo, porque é algo bo para todo o sector e o propio Concello, cando prosperamos e medramos facémoslo todos da man.

Axudas COVID. Qué iniciativas emprende o Concello en materia sanitaria e socioeconómica?

Este Concello leva traballando dende o minuto cero da pandemia para dar resposta aos sectores máis perjudicados pola Covid.

SALVATERRA DE MIÑO**Continuación da entrevista coa alcaldesa Marta Valcárcel**

Por un lado participou coa Xunta de Galicia no II Plan de Rescate da hostalaría, aportando preto de 38.000€ ao sector. Ademais a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra habilitou unha liña de axudas con preto de 28.000€ para o tecido comercial, sector do táxi..., co fin de poder axudar económicoamente a todo aquel negocio que sufriu perdas a mor da crise sanitaria.

Por outro lado somos moi conscientes da gran importancia que teñen as nosas empresas para seguir crecendo como Concello, por ese motivo somos Concello emprendedor, iso significa que calquera empresa que queira investir no noso municipio e xerar postos de emprego ten beneficios fiscais.

Vimos de aprobar tamén diversas desgravacións a empresas e particulares que invirtan en enerxías limpas ou adquiran vehículos de baixas emisións, dando resposta tamén ao Plan de Acción polo Clima e a Enerxía

sostible que aprobamos, tanto no ICIO, IBI como no IVTM.

A PLISAN non acaba de arrancar con tranquilidade e seguridade. Agora aparecelle un novo competidor, A Cañiza, para "birlarlle" o proxecto da CTAG da alta velocidade. Como lle está afectando á Alcaldeza de Salvaterra esta nova situación?

Podemos dicir que a PLISAN é unha realidade, agora mesmo temos máis de 700.000m² urbanizados e que están a disposición de todo aquel que queira invertir no noso territorio. Temos varias empresas interesadas en instalarse, unha que está preparando o proxecto para a súa licencia e as obras de Albo xa moi avanzada, polo cal podemos dicir que despois de todos estes anos de parálise vemos como arrancamos con moita ilusión, porque estamos a falar do futuro dos nosos fillos e fillas.

Sobre o circuito da CTAG fago

miñas as palabras do Presidente de Zona Franca cando na súa visita As Neves manifestou que o mellor sitio para instalar este proxecto era a PLISAN, e creo que eu fun moi clara, vamos a loitar por que iso sexa así. Creo que non son seu a que ten que dar explicacións as manifestacións de cambio de ubicación, por certo unha ubicación que realmente non sería rentable debido as condicións climatolóxicas.

Aproveite para saudar aos vecinos e veciñas de Salvaterra co gallo das Festas do Nadal e Aninovo.

Moitas gracias, a verdade que para mim é un auténtico pracer poder dirixirme a todos os veciños e veciñas de Salvaterra de Miño, sobre todo despois destes meses que se fixeron eternos. Desexo de todo corazón que poidades compartir estes momentos, estas datas de Nadal, con todos os vosos seres queridos e desexarvos un Feliz e próspero ano 2022.

Salvaterra aproba o PMUS

O Concello de Salvaterra de Miño aprobou en pleno municipal o Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), que permitirá avanzar na sustentabilidade nos ámbitos da expansión urbana e aumentar a preocupación polo cambio climático.

O obxecto deste plan é definir detalladamente as actuacións e medidas que teñen como finalidade implantar formas de desprazamento más sostibles (bicicleta, a pé), reducindo o consumo enerxético e as emisións contaminantes. Este plan ten tamén en mente a solicitude dunha nova Ponte Internacional entre Salvaterra e Monçao, que conecte coa PLISAN e nos permita derivar o tráfico pesado do casco urbano, disminuindo o tráfico da Rúa Miño e a contaminación acústica, así como a solicitude dunha liña de tren de cercanía entre Vigo e Ourense que facilite a mobilidade para o traballo, estudios ou ocio.

Ampliada a oferta deportiva do Parque de A Canuda

Os "skaters" e os amantes do BMX están de noraboa en Salvaterra de Miño. O Concello instalou unhas plataformas de "freestyle" que, xunto co foso, constitúen unha zona de ocio e diversión para estes deportistas atrevidos.


O obxectivo non é outro que enriquecer a zona e adaptala ás necesidades destas emocionantes e valentes modalidades deportivas, onde os saltos, deslizamentos e demás acrobacias espectaculares están aseguradas con estes novos elementos.



Salvaterra recibe tres flores no certame de Vilas en Flor 2021

O xurado de "Vilas en Flor" concede ao Concello de Salvaterra de Miño tres flores. Resalta a implicación da corporación municipal en potenciar o seu patrimonio vexetal, etnográfico e no incremento das zonas de esparcemento da Vila. Destacando as actuacións de posta en valor do Río Miño coa novo Espazo Lúdico Termal, cun-

has impresionantes vistas a cidade fronteiriza de Monçao; actuacións de recuperación da Illa Fillaboa e a coidada actuación paisaxística na zona do Castelo. Ademais de destacar por ter unha das zonas verdes más grandes de Galicia, o Parque Público A Canuda, referente para toda a provincia de Pontevedra e Norte de Portugal.



CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

Salvaterra recolle o recoñecemento de calidade turística 2020

O 17 de novembro o Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo xunto coa Directora de Turismo de Galicia fixeron entrega á Alcaldesa de Salvaterra de Miño do recoñecemento de Calidade Turística 2020 ao Entorno da Fortaleza de Salvaterra de Miño pola súa aposta a prol da calidade turística, no cumprimento dos requisitos das normas que o Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE) establece acadando a marca Q de Calidade Turística.

A marca "Q" de Calidade Turística é un certificado de cali-



dade dirixido ao sector turístico. As empresas ou organismos que obteñen esta Q cumpren unha serie de requisitos específicos

en canto a calidade dos seus servicios que as diferencias dos seus competidores e son unha garantía de calidade.

Nova Área de vehículos vivenda en Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño e a Asociación Estatal de Karavaning PEKA inauguraron oficialmente a área realizada polo Concello nas inmediacións do Parque Pú-

blico A Canuda o pasado sábado 20 de novembro.

Con este tipo de inversiones o Concello de Salvaterra de Miño fai unha aposta clara polo turismo de vehículos vivenda que

axudarán a dinamizar ainda máis se cabe o turismo da Vila, nunha contorna privilexiada como é o Parque A Canuda, unha das zonas verdes más grandes de Galicia.

Comezan as obras de rehabilitación do palco da música de Leirado

O Concello de Salvaterra, a través das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia, ven de iniciar as obras de rehabilitación e consolidación do Palco da Música de San Roque en Leirado. Será acondicionado e rehabilitado e se substituirán aqueles elementos tradicionais deteriorados. Este palco sitúase no largo que acompaña a capela de San Roque, e a zona dará un xiro total coas obras do concello: rehabilitación do antigo consultorio médico que se converteu no Centro Social do Maior, creación de beirarrúas na



estrada autonómica e obras de humanización da EP-4006. O palco doado polos filántropos Jesús Valiño García e José González Prieto no ano 1953, conta cunha cuberta piramidal con dobre faldón.

Mellora da rede de pluviais

O Concello de Salvaterra está mellorando a rede de pluviais en Lamas, Meder, a través do Plan Concellos 2021 da Deputación. A obra, valorada en 46.000€, consiste na

instalación dun novo colector de pluviais enterrado de PVC e a construcción de novas arquetas, nova cuneta e unha nova capa de rodadura realizada con mestura bituminosa en quente.

O remendón CERRAJERO



- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplimex

Rosalía de Castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865

www.cerrajeroremendon.com

CONSTRUCCIÓN EN GENERAL - REFORMAS - CANTERÍA - PANEL SANDWICH



tafi

VALIÑO, S.L SALVATIERRA DE MIÑO

FRAN: 637.993.690 | tafisalvaterra@gmail.com

Talleres Guiller Motor



Venta de vehículos usados

SPG TALLERES

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Cara a onde imos, ou nos levan?

Cada vez que teño que escribir un texto para o que se chama un editorial, atópome diante dunha situación realmente complicada. Non porque non teña material a man para escribir de moitos temas; non digo de todos porque sería unha petulancia pola miña parte, pero si de bastantes. Sen embargo hoxe síntome dominado por unha estraña sensación de impotencia para escribir algo que a vostedes lle poida interesar e, sobre todo, servir para algo nas súas vidas.

Chegado a este punto de incerteza, de indecisión, tomei o camiño mais sinxelo: trasladarlles parágrafos, frases duns cantos libros e lecturas xornalísticas que teñen unha tremenda relación entre si e poden servirnos, polo menos, para matinar que pode haber de certo nas cousas que nos anuncian.

Tratase dun artigo do xornal El País (28/11/2021), de Sergio C. Fanjul que titula “¿Quién se cree la versión oficial?; dun libro de Cristina Martín Jiménez, que leva por título “PERDIDOS (Los planes secretos del Club Bilderberg)”; do libro de José María Lasalle titulado “Ciberleviatán. El colapso de la democracia liberal frente a la revolución digital”, e finalmente dous reñidos detalles doutro libro de máis de 500 páxinas que se denomina “La era del capitalismo de la vigilancia”, de Shoshana Zuboff.

Seguirei este mesmo orde porque penso que pode ser más entendible xa que, son relatos que, dalgun xeito, se suceden no tempo; agás o artigo de Sergio C. Fanjul que ven de ser publicado días atrás.

Fanjul prantexanos unha realidade que como se ven dando paso a paso non nos decatamos da súa importancia: a confianza entre os membros desta nosa sociedade que o autor do artigo asegura se está destrubando. Sobre esta cuestión permítanme abusar da súa paciencia e trasladarme aos primeiros anos da miña existencia. Estou falando da década dos 40/50/60 máis ou menos. Daquela a confianza era algo consustancial coa vida mesma. Iso non quere decir que algunas persoas non foran desconfiadas, que o eran. Refírome á sociedade no seu conxunto. Os veciños, nas aldeas,

eu son un home criado nunha aldea da que saín unha vez rematada a carreira aos 20 anos, fiábanse uns dos outros. Pensen nas desaparecidas tendas do rural nas que se podía ver con toda claridade un gancho de arame do que colgaban unha serie de notas de papel nas que o tendeiro anotaba o que algúns veciños tiñan levado pero non pagado. O tendeiro confiaba neles porque sabía que no momento de ter os cartos o primeiro que ían facer era volver á tenda e pagar as súas débedas. Tiña confianza no veciño. Pero vou máis lonxe. Vostedes lembrarán as hoxe desaparecidas feiras do gando. En Lira, na miña aldea,

anímica (din que para non alarmarnos); os medios de comunicación xa non digamos, infórmannos do que se lle permite informar dende as altas esfera do Poder. A revolución tecnolóxica fainos sentir en mans de forzas enormes que non comprendemos. Diso, precisamente, trataremos nos apartados seguintes.

Pasemos agora ao libro de Cristina Martín Jiménez. A pregunta que a autora se fai xa de entrada é “¿quien manexa os fios do Poder?”. Este libro co título de PERDIDO ven insistindo no “secretismo” do famoso Club Bilderberg. Existe outro libro, que teño na miña biblioteca, que

presidencia debo informar a los ciudadanos sobre su destino”. JOHN F. KENNEDY.

Considérase un ser libre, ou vislumbra que unha entidade descoñecida pensa e decide por vostede? É incapaz de explicar quen a integran e como actúa? Tal vez lle sexa útil saber que non é o único ao que lle atacan tales sensacións. A mi tamén, antes de coñecer a existencia do Clube Bilderberg.

Dende a miña época universitaria eu sospeitaba que detrás dos sorrisos pérpidos dos nosos representantes políticos, gobernantes mundiais, tralos titulares a cinco columnas ...ocultábase algo, a priori invisible, imposible de palpar e incapaz de ser definido.

E por que non podiamos ver esa entidade que moitos sospeitabamos nin a esos personaxes que a manexan? Porque nin as súas operacións nin as actividades se publicaban nos medios aos que os ciadáns acoden para atopar información: a prensa.

Un único goberno mundial pode ser unha idea magnifica; ou un asunto maquiavélico. Depende non do cristal con que se mire, como dixera o clásico, senón de quen estiveran ao mando do timón. Se foran Martin Luther King ou Nelson Mandela iría de cabeza a votalos; o mesmo faría se entre as personalidades estivera John F. Kennedy. Pero dúas destas grandes figuras foron covardemente asasinadas.

Falando de información e dun goberno mundial, precisamente foi o Presidente Kennedy quen pronunciou un discurso cheo de significativas expresións nunha daquelhas noites nas que o planeta Terra estaba asulagado nas xélicas noites da Guerra Fría. Dous días despois da excursión espacial, o exército norteamericano bombardeou os aeroportos militares de San Antonio de los Baños e Cidade Libertade, ademais do aeroporto civil de Santiago de Cuba, co obxecto de destruír a Forza Aérea Rebelde. Foi, logo destes acontecementos cando Kennedy se presentou coa súa elegancia e serenidade para solicitar axuda a xornalistas e editores congregados para afrontar un perigo que en apariencia nada tiña que ver co sucedido.

Continúa na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com



celebrábase cada día cinco e dezoito do mes. Alí movíanse moitos cartos. Vendíanse bois, ovellas, porcos, etc. Pero entre comprador e vendedor, sobre todo no caso dos bois que eran os que maior prezo acadaban, non existían documentos de ningún tipo. Era a confianza entre os tratantes do gando a que servía como documento.

Fanjul dinos que a confianza é unha especie de pegamento que mantén en pé a sociedade. Confiamos nos nosos gobernantes, nos nosos médicos, nos nosos xornais que pensamos nos informan con honestidade. Así debiera ser, pero por desgraza non o é. Os gobernantes fállannos; non fan o que nos prometeron; os médicos non sempre din a verdade da nosa situación

trata directamente da composición do famoso Club, pero agora vexamos o que nos aporta Cristina nesta súa versión. Introducenos cuns versos de León Felipe, poeta español (1884/1968) que lle ven como anel ao dedo: “Yo no sé muchas cosas, es verdad./ Digo tan solo lo que he visto./ Y he visto;/ que la cuna del hombre la mecen con cuentos, / que los gritos de angustia del hombre los ahogan / con cuentos, /que el llanto del hombre lo taponan con cuentos....

Pero falemos do Imperio Bilderberg “El poderoso despacho del presidente ha sido utilizado para fomentar una conspiración para derribar la libertad de los estadounidenses y antes de que abandone la

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A ponteareá Melania Rodríguez, bronce no Campionato do Mundo de trampolín

Aponteareá Melania Rodríguez de tan só 20 anos, acaba de participar en dúas finais do Campionato do Mundo de ximnasia de trampolín que se celebrou en Bakú (Azerbaiyán), logrando o bronce na especialidade de dobre minitramp.

Este bronce reforza as súas posibilidades para participar nos Xogos Olímpicos de París do 2024. Ten no seu palmarés, entre moitos éxitos, un podio no Campionato do Mundo de ximnasia no 2018 e dous títulos europeos xuvenil consecutivos.



Ponteareas amplía o estacionamento limitado gratuito á Avenida de Galicia e Rosalía de Castro e a un tramo da rúa Carballos

O Concello segue a poñer en marcha medidas para un mellor reparto do espazo público para estacionar en Ponteareas, ofrecendo alternativas para as persoas que precisan desprazarse até o centro da vila en coche. Atendendo á demanda do sector comercial e consumidores o Concello iniciou

os traballos para ampliar o estacionamento limitado gratuito (coñecida como zona azul) á Avenida de Galicia, Avenida Rosalía de Castro e primeiro tramo da rúa Carballos. Dotarase a estas rúas de sinalización vertical e horizontal e parquímetros. A medida entrará en funcionamento dende o 29 de novembro.



A medida multiplicará por cinco as prazas dispoñíbeis pasando de 120 a 600 ao longo do día.

O Ministerio prevé a exposición pública do proxecto de mellora da N-120 antes de fin de ano



Representantes dos grupos políticos BNG, PP e ACIP e dos numerosos colectivos veciños das parroquias de Ponteareas afectadas pola rede viaria do Estado desprazáronse este á Subdelegación do Goberno en Pontevedra para esixir unha vez máis un calendario con prazos e orzamentos para as obras de mellora da seguridade viaria na N-120 e a creación da variante.

Tras concentrarse á entrada da Subdelegación e a petición da

alcaldesa un representante deste organismo mantivo unha longa conversa cos representantes políticos e veciños na que adiantou a intención do Ministerio de realizar a exposición pública do proxecto antes de final deste ano. O Concello estará moi atento a que se verifique a exposición pública do proxecto e fará un seguimento exhaustivo e permanente do proceso para que se cumpran as previsións e as obras se liciten o vindeiro ano.

Saturnino Montero IMPRENTA
TIPOGRAFIA - OFFSET
IMPRESIÓN DIGITAL

C/ Virgen de los Remedios, N.º 12
36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
imprentamontero@gmail.com

TARJETAS DE VISITA
Y CARTELERA
A TODO COLOR
TALONARIOS • RIFAS
CARTAS • SOBRES
CARPETAS • PUBLICIDAD
ROTULACION EN VINILO
SELLOS DE CAUCHO
FOTOCOPIAS B/N Y COLOR
DISEÑO GRAFICO

Teléfono: 986 640 097
Móvil: 610 024 525

viveiros canedo
CENTRO DE JARDINERÍA

Rúa Real, s/n - N-120
Km. 645.5
Ponteareas - Pontevedra

Tel: 986 669 960
info@viveiroscanedo.com
www.viveiroscanedo.com

CHARCOS
MODA INFANTIL Y JUVENIL
TALLAS DE 0 A 18 AÑOS
FERIA Y CALZADO

Emilio Rodriguez, 5 baixo - Amado Garra, 5 baixo
986 661 807 Ponteareas 986 669 944

Viñoteca Eira Vella
víños, tostas, pulgas e demais ...

Rosalía de Castro, 12
Ponteareas 694 416 706

Restaurante
O'Rianxo

algo diferente
no condado

Vilasobroso
Mondariz
telf: 986 654 434

Inaugurado en Ponteareas o Museo a Ceo Aberto do Corpus Christi

O Concello de Ponteareas inaugurou este 20 de novembro o Museo a Ceo Aberto do Corpus Christi, unha iniciativa pioneira en Galicia que permitirá de xeito virtual "que o Corpus se viva nas rúas de Ponteareas", tal e como explicou a alcaldesa Cristina Fernández da Vila.

O acto de inauguración formal realizado no Salón de Plenos do Concello contou coa participación de todos os membros da Corporación Municipal, así como da directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, o representante de ABANCA, José Luis Romero, un dos patrocinantes desta iniciativa, o representante da empresa Kendra, Diego Asorey, encargada da aplicación virtual que permite a reproducción das imaxes do Corpus en distintos puntos da vila; asociacións de alfombristas, veciños e outras autoridades, así como o discurso inaugural por parte da concelleira de Turismo, Eva Gil, impulsora desta iniciativa.



A alcaldesa Cristina Fernández (esquerda) e a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, comproban a efectividade dos códigos QR.

A alcaldesa Fernández Davila, destacou o labor dos alfombristas do Corpus "como os verdadeiros protagonistas desta historia" que pon en valor "a Nosa Festa de Interese Turístico Internacional", que permite a proxección turística da vila e "a activación do seu comercio local".


Tras o acto de inauguración, as autoridades saíron as rúas para certificar o funcionamento dos

códigos QR nos distintos puntos establecidos na vila, escaneando a través dos seus móveis e comprobando a emisión das imaxes e da información correspondente a través da aplicación do web do Concello. Foi un percorrido dun quilómetro e más de 320 fotos, vídeos e imaxes en 360, ferramenta que permitirá aos veciños e turistas gozar das alfombras florais os 365 días do ano.

Roberto Mera presentou libro sobre o seu tío bisavó Alejandro Viana

A Sala Multiusos do Auditorio "Reveriano Soutullo" de Ponteareas foi o escenario da presentación o pasado 20 de novembro do libro "Alejandro Viana. Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos", escrito polo concelleiro de Bo Goberno, Transparencia e Participación Cidadá, Roberto Mera Covas, e editado por Belagua Ediciones.

O libro, que levou 20 anos de investigación por parte de Roberto Mera, constitúe unha homenaxe ao seu tío bisavó Alejandro Viana (Ponteareas, 1877 - Cidade de México, 1952), quen fora deputado en Ponteareas durante a II República e que, debido á guerra civil (1936-1939) realizou un labor humanitario en Francia a través do Servizo de Evacuación dos Españoles Republicanos (SERE), axudando a 20.000 persoas a fuxir do franquismo e da Falanxe así como da Gestapo nazi en territorio francés, e organizar desde alí a súa evacuación en barcos a



América.

Tamén participaron na presentación a editora Edurne Balenes e a escritora Isabel Blanco. O acto contou con aforo completo no auditorio e tamén estiveron presentes autoridades como a alcaldesa Cristina Fernández Davila, o concelleiro de Cultura Fernando Groba, veciños de Ponteareas así como familiares e amigos de Mera.

PONTEAREAS
CONCELLO

www.ponteareas.gal

CONDADO/PARADANTA

Regades: "O Goberno de España mantén o seu compromiso con Ponteareas"

O secretario xeral do PSdeG-PSOE para a provincia de Pontevedra, David Regades, asegurou que o Goberno de España ten un compromiso claro e decidido coa execución dos proxectos de mellora da seguridade viaria na N-120 e de construcción da Variante de Ponteareas así como outros proxectos no sur da provincia, avaliando así o labor do grupo municipal socialista en Ponteareas que lidera Chus Garrote.

Explicou Regades que a mellora da N-120 era unha "promesa pantasma dun Rajoy que investiu 0



euros en Ponteareas". É a partir do ano 2019 co Goberno de Pedro Sánchez cando se producen os avances necesarios para a contratación da redacción dun proxecto técnico, valorado en catro millóns

de euros, que antes non existía e que agora está en fase de supervisión no Ministerio de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente.

Por outra banda, os Orzamentos Xerais do Estado para 2022 inclúen 28 millóns de euros na partida de Conservación e Explotación (23 millóns de euros) e á Seguridade Víaria (5 millóns de euros) nas estradas nacionais da provincia de Pontevedra, polo que se o expediente para a mellora da N-120 atópase en situación de ser solicitado ao longo deste ano, o Goberno poderá facelo con cargo a estas partidas.

Ponteareas destina case 10.000 euros en axudas para investimentos das entidades veciñas

A concellaría de Vías, Obras e Alumeado, que dirixe Chus Garrote, destina case 10.000 euros en axudas para subvencionar intervencións de mellora de espazos públicos das entidades veciñas.

Os beneficiaries son a AV Piñero Manso de Celeiros que recibirá 2.697 euros para o acondicionamento dun camiño de acceso, a CMVMC de Nogueira que realizará a limpeza e o formigónado dunha presa de regadío

cunha subvención de 3.000 €, a CMVMC de Celeiros con 2.873 € para o arranxo dun lavadoiro e dunha fonte, e a CMVMC de Arcos con 1.327 € para a rehabilitación e acondicionamento da poza e fonte da Rocha.

O PP esixe que se melloren os contratos dos traballadores da RISGA

O grupo municipal do PP solicita ao goberno local que destine unha partida económica para mellorar o salario dos traballadores da Risga, que grazas á achega realizada pola Xunta de Galicia, puideron contar cun contrato laboral por un período de 9 meses.

"A axuda autonómica cubre o 75% dos custos salariais e da SS dun contrato a xornada completa. Se o goberno cubrira o 25% restante esas persoas que actualmente cobran 600€ ao mes, poderían ter a xornada completa", defenden os populares de Ponteareas.

15.000 euros en axudas para libros de texto e material escolar

O Concello de Ponteareas leva dende o ano 2016 axudando ás familias coa adquisición de libros de texto e material escolar para a escola e o instituto. Soamente no curso actual repartiu cerca de 15.000 euros en axudas para cubrir todas as solicitudes presentadas que cumpriron os requisitos.

A alcaldesa e concelleira de Educación, Cristina Fernández

Davila, explica que estas axudas responden "ao noso compromiso para apoiar ás familias con estes gastos para garantir unha educación en igualdade de oportunidades". Ademais destaca que "benefician, sobre todo, a aquelas familias que non poden optar a outro tipo de subvencións, como as da etapa infantil". Cada unidade familiar recibiu un máximo de 100 euros.

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

Síguenos

C/ Castaño, 14 bajo - 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

MacDona
TAPERIA
Tapas · Menú do día
Paseo Michelin, 5 • 36860 Ponteareas
986 650 13 17 47

SAUDADE

Café - Bar

LAVAZZA Mahou

Reveriano Soutullo, 3 - 36860 PONTEAREAS

By Barriguñas
Especialista en Ceremonia infantil, arras, comunión e bautizo

627053847
 627053847
 Maria Garrido Corballido
Rúa Castaño 14, local 4. PONTEAREAS

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS
glittercb2016@gmail.com
Tlf. 986 17 78 63
645 38 96 68

CLOS

Reveriano Soutullo, 5 - PONTEAREAS
Telf. 886 216 896 - 670 739 070
www.closzapateria.com
 Clos Zapateria

Redacción

Belén Villar intervén para arranxar os problemas da residencia de maiores

A portavoz do PP local, Belén Villar, mantiu unha reunión coa conselleira de Política Social, Fabiola García, para que estude se é posible que a administración autonómica interveña para artraxar o ascensor da residencia de maiores. "Sabemos que é unha competencia do Concello pero ante a súa actitude de cruzarse de brazos decidimos intervir e solicitar axuda á Xunta para que reparen o ascensor", explica a portavoz popular, Belén Villar.



Belén Villar (esquerda) e a conselleira Fabiola García.

Por outra banda, a popular abordou outras cuestións referentes á sanción imposta ao

Goberno local debido ao deterioro do edificio e que se negan a reparar.

Ponteareas mellora o sistema de solicitude de cita previa para a renovación do DNI

O Concello de Ponteareas acaba de por en marcha melloras no sistema de solicitude de cita previa para a renovación do DNI de cara a facilitar á veciñanza a realización deste trámite. A Concellaría de Bo Goberno, que dirixe Roberto

Mera, implementou unha atención personalizada en lugar do anterior sistema de cita telefónica automatizada.

Con este novo sistema as persoas que queiran solicitar cita previa poderán chamar por teléfono á centraliña do Concello ao

986 64 00 00 e contactar coa Oficina de Atención Cidadá. Ademais, as persoas interesadas poderán seguir solicitando cita previa tamén de forma telemática, como se viña facendo ata o de agora, a través da web <https://cita-previa.ponteareas.gal>.

AFAGA, Avelaíña e Concello continúan atendendo ás persoas con problemas de saúde mental

O Concello de Ponteraeas renovou os convenios de colaboración coas asociacións AFAGA e Avelaíña.

AFAGA atende a persoas con demencia neurodixerativa. O Concello financiará o programa cunha achega de 6.000 euros que permitirá a AFAGA atender ata un máximo simultáneo de dez persoas usuarias. A alcaldesa, Cristina Fernández, asinou o acor-

do co presidente da entidade, Juan Carlos Rodríguez Bernárdez.

Avelaíña é unha entidade que que dende 1997 traballa para potenciar a inclusión das persoas con problemas de saúde mental. A alcaldesa, Cristina Fernández, e a presidenta da asociación, Mª Fernanda Orduna, renovaron o convenio de colaboración entre ambas entidades por un importe de 5.000 euros

Premio "María Moliner" para a Biblioteca de Ponteareas

A Biblioteca Municipal acaba de ser premiada no Certame de Proxectos de Animación á Lectura María Moliner 2021 polo seu labor na difusión da lectura na vila do Tea. O concelleiro de Cultura, Fernando Groba, agradece e felicita ao persoal "polo seu gran traballo". O xurado do premio destacou o mé-

rito do programa "A biblioteca cerca de tí", que pon en marcha contacontos, obradoiros, club de lectura e encontros con escritores co obxectivo de difundir a lectura entre os veciños e veciñas. A Biblioteca de Ponteareas recibirá máis de 2.000 euros, que se destinarán a ampliar os fondos bibliográficos.

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61

Optica Maher
maher ópticos desde 1939

H. Reg. Barrio E-30-00065
PONTEAREAS
rúa san xán canido, 4

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framboesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

CONDADO/PARADANTA

Redacción

Ponteareas comeza a renovar o seu alumeadado

As parroquias de Fontenla, Prado, San Mateo e Pías xa contan con luminarias novas e más eficientes, no marco do plan da concellaría de Vías, Obras e Alumeadado, que dirixe Chus Garrote, para mellorar o aforro enerxético e a seguridade cidadá. A alcaldesa, Cristina Fernández, destaca que estas intervencións, financiadas nun 80 % con fondos do Insti-

tuto de Diversificación y Ahorro Energético (IDAE) e cun 20 % restante con fondos propios Concello, "permitirán afostrar a Ponteareas cerca de 500.000 euros en enerxía".

Chus Garrote explica que se substituirán 7.560 luminarias e 155 cadros de mandos, o que tamén supón un aforro de 1.712,79 toneladas de CO₂ emitidas a atmosfera e unha clara.



Retrasos nas obras Praza de Bugallal

O proxecto de transformación da Praza de Bugallal escollido no ano 2018 nun concurso por un xurado formado por trece persoas, cinco deles representantes políticos, e oito técnicos, sofre retrasos debido á dificultade técnica do deseño e fabricación das xardineiras, tal e como avala a arquitecta directora da obra. Amplíase así o prazo ata o 28 de febreiro, o que ademais asegura que a plantación das árbores se faga na época adecuada. A obra foi adxudicada á empresa Xes-



tión Ambiental de Contratas (XAC) por un importe de 605.338,28 de euros. A obra iniciouse o 26 de outubro de 2020, e o seu remate debía producirse o 25 de marzo de 2021.

O Goberno lamenta o retraso da obra, "debido a razones exclusiva e estreitamente técnicas e avaladas pola dirección técnica da obra", e pide desculpas á veciñanza polos trastornos ocasionados.

O PXOM de Ponteareas entrará en vigor o 21 de decembro

O vindeiro 21 de decembro entrará en vigor o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponteareas (PXOM). Ese día terán transcurridos os 15 días hábiles computados dende a súa publicación onte no Boletín Oficial da Provincia. Ao mesmo tempo, o PXOM de Ponteareas foi inscrito xa no Rexistro de Planeamento Urbanístico da Xunta de Galicia.

Para o goberno municipal do BNG e do PSOE, o 21 de decembro será unha data histórica para Ponteareas, "porque porá fin a case 20 anos de incerteza, inse-

guridade xurídica e parálise urbanística da localidade e de freo e impedimentos ás iniciativas empresariais e de emprendedores".

A alcaldesa Cristina Fernández Davila sinalou que o goberno local traballa xa na implementación de todas as medidas e oportunidades que o PXOM ofrece, como a regularización e posta en valor do parque empresarial da Lomba, a construción da nova escola infantil, a depuradora de Moreira, aparcadoiros, o novo centro de saúde, parques públicos ou instalacións deportivas

A rúa Trobador X. G. de Guillade terá unha senda peonil e ciclable

O Concello de Ponteareas iniciou os trámites para licitar as obras de transformación da rúa Trobador Xoán García de Guillade dende a vila até o CEIP Ramiro Sabell. As obras custarán case un millón de euros,

dos que 722.000€ serán achegados pola Deputación. Crearase unha senda peonil e ciclable que dará lugar ao primeiro camiño escolar seguro dende a vila até o CEIP Ramiro Sabell, demandado pola comunidade educativa.

FERRETERIA EL PUENTE
GUISANFER, S.L.
Rúa Real, 91
36860 Ponteareas
Pontevedra
986 640 192 - 665 170 107
elpuente@guisanfer.com

SEVERO
VINOS COMIDAS
desde 1956
Morales Hidalgo N° 3 PONTEAREAS
986 64 01 43 - 645 862 380

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

ELECTRICIDAD
BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido y telefonía interior
bouza@electricidadbouza.com
Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvponteareas.es
④ 886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

Café La Calle
Heladería - Cervecería - Coctelería
Ambiente agradable
Rúa Rosalía de Castro, 9, bajo. PONTEAREAS

PROGRAMACIÓN NAÐAL 2021
CONCELLO DE MONDARIZ

DECEMBRO

Domingo 19
17.30 h. Espectáculo de música e contos 'Fartura de Nadal'. Auditorio Municipal

Mércores 15
???. h. Festival Infantil de Nadal. Organiza ESMU. Auditorio Municipal

Venres 17
???. h. Festival de Nadal. Organiza ESMU. Auditorio Municipal

Xoves 23
17.30 h. Espectáculo de animación 'A Bailar no Nadal'. Auditorio Municipal
18.30 h. Visita de Papá Noel. Auditorio Municipal

Domingo 26
17.00 h. Cine de Nadal 'Película: "Dora y la ciudad perdida". Auditorio Municipal
18.30 h. Concertos 'A Banda no Nadal'. Centro Cultural de Meiro e Centro Vecinal da Comunidade de Montes de Toutón.

Xoves 30
17 a 20h. Xogos Xigantes . Praza de Abastos
17.30 h. Visita do Apalpador. Praza de Abastos

XANEIRO

Domingo 2
17.00 h. Cine de Nadal Película: "O bosque animado". Auditorio Municipal

18.30 h. Concertos 'A Banda no Nadal. Centro Vecinal da Comunidade de Montes Mourelle- Cargamala e de

Mércores 5
17.00 h. Visita dos Reis Magos, animación infantil e inflables. Pavillón Municipal

Sábado 8
20.00 h. Actuación do coro "Coira VoÇe". Auditorio Municipal

Domingo 9
18.30 h. Concierto 'A Banda no Nadal'. Centro Sociocultural de Queimadeiros.

Mondariz pon en marcha a campaña de recollida de alimentos de Nadal

Grazas á colaboración do comercio local e da AA.VV. Xabriña, combíñase a doazón de alimentos non perecedoiros coa doazón monetaria destinada ao banco de alimentos.

O Concello de Mondariz, a través da Concellería de Asuntos Sociais, puxo en marcha a campaña de recollida de alimentos para o Nadal. Ata o 15 de decembro, poderase colaborar doando alimentos non

perecedoiros nos centros de recollida habilitados ou cartos para o banco de alimentos a través de transferencias a unha conta bancaria (ES40 2080 0512 1030 0003 1553), co concepto "Alimentos Mondariz".

**Este Nadal,
agasalla artesanía local**

**MERCADO ARTESÁN
DE MONDARIZ**

NA PRAZA DE ABASTOS

todos os domingos,
entre o 5 de decembro e o 2 de xaneiro

Mondariz
concello
aberto



O seu Concello desexalles
Bo Nadal e feliz Aninovo



CONDADO/PARADANTA

Redacción

Rehabilitación da Casa Consistorial e a Escola Municipal de Música de Mondariz

O Concello de Mondariz xa licitou as obras para a rehabilitación enerxética da Casa Consistorial e da Escola Municipal de Música, valoradas en máis de 350.000 euros e cuxas obras comezarán a finais de 2021.

En ambos casos son actuacións sobre a envolvente térmica que inclúen unha substitución de elementos de carpintería para a mellora do illamento e da eficiencia enerxética. No caso da Escola Municipal de Música, a súa construcción data de 1970 e presenta notables deficiencias enerxéticas e materiais que a día de hoxe non se utilizarían, como a uralita. Pola súa banda, a Casa Consistorial foi construída en 1983 e presenta deficiencias enerxéticas por mor do carácter obsoleto da súa envolvente de carpintería metálica.

Estes dous proxectos foron presentados ao IDAE (Instituto



Escola de Música de Mondariz.

para a Diversificación e Aforro de Enerxía) en 2020, aproveitando as últimas oportunidades de financiación europea do período 2014-2020. No primeiro trimestre de 2021, ambos foron confirmados. Están subvencionados nun 80% con fondos europeos correspondentes ao período 2014-2020 e nun 20% con fondos do Plan Concellos 2021 da Deputación de Pontevedra.

Ademais destes proxectos de rehabilitación enerxética de edificios públicos, o Concello de Mondariz sacou adiante outros catro proxectos financiados con axudas europeas a través do IDAE para modernizar toda a rede municipal de iluminación pública e acadar un aforro superior ao 70% na factura eléctrica municipal co cambio a LED.

Cortados cinco dos icónicos tileiros da praza de Mondariz polo seu deteriorado estado de conservación

Á vista do estado de conservación das árbores da Praza de España, o Goberno municipal de Mondariz tomou a decisión de cortar as cinco más danadas para evitar riscos en materia de seguridad. Unha vez derrubados, os pés das árbores amosaban un estado de podremia interna que xustificaba a medida.

En 2020, a resposta dunha solicitud expresa do alcalde de Mondariz, a Estación Fitopatolóxica do Areeiro realizou unha avaliacián técnica do estado dos icónicos tileiros da Praza de España, no que se corroboraba a diagnose dun estudo previo emitido no ano 2015: unha perigosa tendencia á podremia nos pés das árbores, derivada das podas feitas durante anos para darlles unha estrutura artificial de can-



delabro.

O asunto do estado dos tileiros da Praza de España e a necesidade de actuar para manter a seguridade do lugar foi tratado na última Comisión de Urbanismo celebrada no Concello de Mondariz. Malia que este concello realiza un seguimento periódico do estado de

conservación das árbores, como demostran os informes técnicos mencionados, a recente caída dunha árbore no veciño Concello de Mondariz-Balneario, que deixou unha persoa morta e varias máis feridas, alertou da necesidade de tomar medidas inmediatas para previr catástrofes.

Vilasobroso lanza unha campaña de doazóns para restaurar o colexio de Valiño



Imaxe cedida por Martín Carrera

A Entidade Local de Vilasobroso logrou unha subvención de fondos Europeos xestionada polo IDAE para a restauración do antigo grupo escolar de Valiño. Unha demanda histórica da veciñanza dado o estado calamitoso desde que deixou de ser unha escola unitaria xestionada pola Xunta de Galicia hai más de 10 anos.

Aos máis de 300.000 euros achegados por Europa hai que sumarle os 55.000 desde a propia Entidade e os 20.000 euros da deputación de Pontevedra, pero ainda

falta un 6% dos fondos necesarios. A Entidade Local espera que o veciños acheguen os case 25.000 euros que faltan. O alcalde pedáneo de Vilasobroso, Alexandre Estévez Gil, explica que a subvención de envolvente térmica restaurará integralmente o fallado, o tellado, as placas do edificio, as paredes interiores e toda a carpintería exterior, e farán do emblemático grupo escolar un dos edificios de mellor eficiencia enerxética do país.

A Entidade Local explica na súa nova páxina web vilasobroso.gal o proceso de doazón.

Alternativa por Mondariz pide a limpeza urgente da depuradora de Vilasobroso

O concelleiro de Apor Tino Menéndez e o portavoz municipal Xoán C. Montes Bugarín rexistraron no Concello de Mondariz unha iniciativa na que instan ao goberno municipal a levar a cabo os traballos de limpeza e acondicionamento urgente da decantadora de Vilasobroso. Os edis, constataron

que esta "está totalmente oculta pola vexetación, que incluso impide a súa visión", o que evidencia que non foi limpa nos últimos anos. Esta falta de mantemento periódica pode derivar nun funcionamento inadecuado, e provocar a contaminación do Regueiro da Peteira, un afluente do Río Fragón.

O Concello denuncia os recortes no servicio de pediatría

